

Estás a agardar un ou unha peque e teslle apego á lingua? Parabéns por partida dupla! No Concello da Coruña, a través de Normalización Lingüística, queremos que formes parte do programa Apego, un espazo para compartir, para encontrar e encontrarse, aberto a calquera iniciativa que contribúa aos fins do proxecto, para axudarnos á socialización en galego.

Podedes contactar con Normalización Lingüística do Concello da Coruña para inscribivros no proxecto Apego e así recibirdes información sobre o programa... e un agasallo de benvida!

Máis información en:
www.coruna.gal/lingua
 e www.apego.gal

**Contacta connosco para vérmonos:
 Normalización Lingüística**

Centro Ágora, lugar da Gramela, 17
 15010 . A Coruña

☎ 981 189 888, exts. 34310 / 34311 / 34333

✉ lingua@coruna.gal
 e inscripcioneslingua@coruna.gal

📘 facebook.com/normalizacioncoruna

📷 [lingua_corunha](https://instagram.com/lingua_corunha)



Setembro

| L | M | M | X | V | S | D |
|----|----|----|----|----|----|----|
| | | | | | | 1 |
| 2 | 3 | 4 | 5 | 6 | 7 | 8 |
| 9 | 10 | 11 | 12 | 13 | 14 | 15 |
| 16 | 17 | 18 | 19 | 20 | 21 | 22 |
| 23 | 24 | 25 | 26 | 27 | 28 | 29 |
| 30 | | | | | | |

Outubro

| L | M | M | X | V | S | D |
|----|----|----|----|----|----|----|
| | 1 | 2 | 3 | 4 | 5 | 6 |
| 7 | 8 | 9 | 10 | 11 | 12 | 13 |
| 14 | 15 | 16 | 17 | 18 | 19 | 20 |
| 21 | 22 | 23 | 24 | 25 | 26 | 27 |
| 28 | 29 | 30 | 31 | | | |

Novembro

| L | M | M | X | V | S | D |
|----|----|----|----|----|----|----|
| | | | | | 1 | 2 |
| 3 | 4 | 5 | 6 | 7 | 8 | 9 |
| 10 | 11 | 12 | 13 | 14 | 15 | 16 |
| 17 | 18 | 19 | 20 | 21 | 22 | 23 |
| 24 | 25 | 26 | 27 | 28 | 29 | 30 |



Na Coruña
 témoslle Apego
 á lingua!

Programación de
 setembro a novembro 2024

"Palabras" de Basbal Teatro



1-3
anos

Auditorio

Martes 17 de setembro
dous pases: 17.00 e 18.30 h (45 min)

"Palabras" integra oralidade tradicional, teatro e música nun mesmo espectáculo, seguindo a liña das obras "Puño Puñete" e "Ris Ras". Xogos de repetición, contacontos, cancións e enredos para os máis pequeños e pequeñas da casa da man de Davide González e Iria Pinheiro.

Inscripción a partir do venres 13 de setembro, ás 10.00 h

"Manual para deitarse" de Caxoto



+3
anos

Aula 8

Martes 1 de outubro
dous pases: 17.00 e 18.30 h (35 min)

Poucas veces as crianzas van para a cama de boa gana. Neste espectáculo poñémonos nos intres antes de deitarse cunha función de contos chea de aventuras, misterios sen resolver e visitas inesperadas.

Inscripción a partir do venres 27 de setembro, ás 10.00 h

"Estrafalaria" de Xarope Julín - Aterea García



+3
anos

Aula 8

Martes 24 de setembro
dous pases: 17.00 e 18.30 h (50 min)

Espectáculo participativo de narración oral e manipulación de obxectos onde descubriremos as aventuras de Alicia e Carlota. Mais non serán as típicas aventuras de princesas! Con estas dúas amigas coñeceremos o valor da diversidade, do diferente e da liberdade de escolla para vivir nun mundo máis tolerante.

Inscripción a partir do venres 20 de setembro, ás 10.00 h

"Cacho animalada" de Vero Rilo e Luis Iglesias



+3
anos

Aula 8

Martes 8 de outubro
dous pases: 17.00 e 18.30 h (50 min)

Narración oral e música en directo, porque é tempo de soltar as melenas e contar, cantar, bailar e correr coas feras que levamos dentro. Raposos, merlas, toupas, nenas, nenos... corredes con nós?

Inscripción a partir do venres 4 de outubro, ás 10.00 h

"Concertiño para peques" de Félix Arias



+3
anos

Aula 8

Martes 15 de outubro
dous pases: 17.00 e 18.30 h (60 min)

Félix Arias, veterano cantautor e docente da escola infantil de Monte Alto, trae este concerto para a primeira infancia cheo de suaves melodías que axudarán a que as crianzas desenvolvan o sentido do ritmo e a memoria musical con cancións didácticas con moita narrativa e literatura.

Inscripción a partir do venres 11 de outubro, ás 10.00 h

"Nanocontos" de Raquel Queizás



+3
anos

Aula 8

Martes 29 de outubro
dous pases: 17.00 e 18.30 h (50 min)

A contadora Raquel Queizás traballará a psicomotricidade e a percepción espacial dos bebés a través de pequenas historias que focalicen a súa atención na narración. Nano, unha simpática ra, será a protagonista destas pequenas grandes historias.

Inscripción a partir do venres 25 de outubro, ás 10.00 h

"Luppo" de Basbal Teatro



4-6
anos

Auditorio

Martes 22 de outubro
dous pases: 17.00 e 18.30 h (50 min)

Luppo é un home maior cunha rutina moi concreta. Todos os días escoita, no seu gramófono, a mesma ópera. Tulún, un neno que lle leva a compra a diario, comparte con el contos e historias da vida de Luppo. Mais un día Tulún atopará que Luppo non está na casa. Unha obra que fala do ciclo da vida e da relevancia das experiencias dos nosos maiores na infancia.

Inscripción a partir do venres 18 de outubro, ás 10.00 h

"Contos debuxados, debuxos contados" de Caxoto (con Marc Jaeger)



+3
anos

Aula 8

Martes 5 de novembro
dous pases: 17.00 e 18.30 h (60 min)

Xuntaremos palabra contada da man de Caxoto e ilustración da man de Marc Jaeger. Dun lado a picaresca, o trazo conciso e a fantasía visual de Marc e doutro lado a retranca, a voz firme e o maxín bulebulé de Caxoto e engadindo a participación imprevisible do público...

Inscripción a partir do venres 1 de novembro, ás 10.00 h

"Pelica de burra" de Vero Rilo e Luis Iglesias



+3
anos

Aula 8

Martes 12 de novembro
dous pases: 17.00 e 18.30 h (30 min)

Narración de Vero Rilo e música de Luis Iglesias. Despois dunha increíble viaxe no tempo, Pelica de Burra, a nosa protagonista, aterrará nun futuro sen xogos, sen contos, sen música... nun futuro terrible. Ante isto, decide regresar ao pasado para atopar todo o que bota de menos no presente.

Inscripción a partir do venres 8 de novembro, ás 10.00 h

"Tinta do mar, pequena biografía de Luísa Villalta" de Polo Corres da Vento



+3
anos

Aula 8

Martes 26 de novembro
dous pases: 17.00 e 18.30 h (50 min)

Contacontos sobre o libro que a compañía fixo arredor da escritora coruñesa celebrada este ano polo Día das Letras Galegas.

Inscripción a partir do venres 22 de novembro, ás 10.00 h

"Maruxiña" de Laura Sarasola



+3
anos

Auditorio

Martes 19 de novembro
dous pases: 17.00 e 18.30 h (45 min)

"Maruxiña" bebe do conto de Andersen "Polgariña", mais baixo unha nova óptica máis cómica e musical. Maruxiña, despois de ver nacer unha hortensia dunha das xardineiras da señora Lola, descubrirá que existe un mundo máis grande ca o que coñece, o que a anima a investigar toda a súa contorna: a amizade, os sonhos e a decisión de que quere ser.

Inscripción a partir do venres 15 de novembro, ás 10.00 h

As actividades desenvolveranse na aula 8 ou no auditorio do Centro Ágora. Unha persoa adulta acompañará a crianza.

Máis info e inscricións (só para a crianza) de balde.en.coruna.gal/lingua